



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FACULTADE DE CIENCIAS

|                                   |
|-----------------------------------|
| FACULTADE DE CIENCIAS<br>A CORUÑA |
| S A I D A                         |
| Núm. 154                          |

Achégase debidamente modificado, logo do informe favorable da Asesoría Xurídica o Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias para a súa aprobación, se proceder, polo Consello de Goberno da UDC.

Os cambios afectan tan só ao artigo 32, apartados c) e e)

No apartado c) suprimiuse o plural dado que só hai un coordinador de calidade do centro, e no apartado e) engadiuse que o membro da UTC actuará con voz mais sen voto.



A Coruña, 30 de abril de 2009

A secretaria,

o.: Isabel Ruíz Bolaños

g) Promover e velar pola execución das accións deseñadas para levar a cabo a prevención de riscos laborais.

h) Calquera outra función que, relacionada coas infraestruturas e cos servizos, lle asignar a Xunta de Facultade.

### *Sección 5. Comisión de Garantía de Calidade*

#### *ARTIGO 32*

A comisión de garantía de calidade estará constituída por:

- a) O/a decano/a, que a preside e convoca.
- b) O/a secretario/a, que o será dela, e actuará con voz mais sen voto.
- c) O/a coordinador/a de calidade do centro.
- d) Un representante de cada unha das titulacións que se imparten no centro.
- e) Un membro da Unidade Técnica de Calidade, que actuará con voz mais sen voto.
- f) O/a administrador/a do centro.
- g) Un representante dos alumnos.

#### *ARTIGO 33*

Son competencias da comisión de garantía de calidade:

- a) A verificación da planificación do sistema de garantía de calidade interna do centro, da política e os obxectivos da calidade e dos requisitos contemplados nas guías de verificación e certificación correspondentes.
- b) Ser informada polo Decano ao respecto da política e os obxectivos xerais da calidade da Facultade, e diseminar esta información polo centro.
- c) Recibir e, no seu caso, coordinar a formulación de obxectivos anuais do centro e realizar o seguimento da súa execución.